

Global express

A actualidade na aula

Arxentina afúndese na crise



"Arxentina afúndese coma o Titanic, pero non por culpa dun gran buraco, senón porque está furada por tódolos sitios."

(Eduardo Duhalde, actual presidente de Arxentina).

No último ano, tres millóns de arxentinos deixaron de ser clase media e pasaron a ser pobres. Despois de catro anos de recesión e endebedamento, a poboación arxentina levou a frustración ás rúas manifestándose con cacharros, saqueos de supermercados e enfrontándose coas forzas de seguridade do Estado.

Esta edición de Global Express analiza as razóns da crise e achéganos á realidade económica e social de Arxentina.


**Intermón
Oxfam**

- O estoupido da crise
- ¿Que é o Fondo Monetario Internacional (FMI)?
- Cótannolo os protagonistas
- O papel das empresas españolas
- Uns teñen moito, outros non teñen nada
- ¿Cara a onde imos?
- Guía didáctica

sumario

O estoupido da crise



A televisión transmitiunos estes días unha imaxe de Arxentina moi diferente da que se pode esperar dun país "desenvolvido". Milleiros de persoas ocupaban as rúas e mailas prazas mentres golpeaban cacharros, tapadeiras e calquera obxecto que fixese ruído. Queixábanse da fame, do desemprego e da inseguridade. Son xente da capital e do campo, das clases sociais máis empobrecidas, pero tamén das clases medias e altas, que nos catro últimos anos sufriron un forte golpe nos seus ingresos familiares.

A situación económica de Arxentina non sempre foi así. En 1930, Arxentina era unha potencia mundial, cuns ingresos per capita similares ós de Francia. Pero nos anos 40 a economía do país empezou a se afundir, debilitada pola corrupción, os réximes militares e os conflitos internos. Corenta anos despois, Arxentina estaba á beira dunha crise social e económica total, cunha inflación próxima ó 200% e unha débeda externa en aumento. Nesa situación, o por aquela presidente, Carlos Ménem, decidiu adoptar e aplica-las políticas do Fondo Monetario Internacional: liberalización total do comercio e privatización das empresas nacionais para fomenta-lo investimento estranxeiro. En 1991, aplicouse a convertibilidade do peso ó dólar –é dicir, equiparouse o cambio das dúas moedas un a un– para fomenta-la confianza dos investidores. Arredor da metade dos anos 90, a inflación fora practicamente eliminada, pero pedíranse grandes préstamos internacionais para ter suficiente reserva en dólares e facer así viable a convertibilidade. Os sectores financeiros mundiais apuntaban a Arxentina como un bo exemplo de cómo os países máis pobres poden estimula-la súas economías e aumenta-lo desenvolvemento adoptando os principios do libre mercado global. Era un país do "primeiro mundo" en medio dun continente do "terceiro": América Latina.

Pero a finais dos 90, a suba do dólar no mercado internacional provocou un aumento nos produtos arxentinos. Como a moeda arxentina, o peso, valía o mesmo có dólar, cada vez que subía o dólar respecto a outras moedas tamén subía o peso e, polo tanto, subían os prezos dos produtos arxentinos, que custaban case o mesmo ca en Estados Unidos. Eses mesmos produtos podíanse mercar en Brasil moito máis baratos, así que as exportacións de Arxentina empezaron a diminuír perigosamente e moitas empresas nacionais crebaron ó non poder competir cos prezos dos produtos procedentes doutros países. O país ía quedando sen recursos propios, á vez que o importe da débeda externa aumentaba máis e máis. Durante o ano 2001 a crise empeorou gravemente. Para resolvela, o Goberno pediulle prestado máis diñeiro ó FMI, pero as condicións de pagamento obrigárono a recorta-los gastos sociais, co que aumentou o sufrimento da poboación. Mentres, nese mesmo ano, a fuga de capitais do país en mans dos grandes investidores subía a máis de 120 millóns de euros. A mediados de decembro, a xente empezou a temer que o peso fose depreciarse e quixo

cambia-lo seu diñeiro en dólares. Pero nin os bancos nin o Goberno tiñan suficientes reservas de dólares para cubriren a demanda da poboación. Por iso se limitou a cantidade de diñeiro que as persoas podían sacar das súas contas bancarias. É o famoso "corralito": ningún arxentino podía sacar das súas contas bancarias máis de 650 dólares mensuais (uns 720 euros). Ademais, os aforros quedaban conxelados nas contas bancarias e só se podería dispoñer deles a prazos. Foi a gota que fixo reverte-lo vaso e lanzou os arxentinos á rúa.

Despois de que caesen dous presidentes, Duhalde, o novo presidente, tivo que finalmente deprecia-la moeda e rompe-la equivalencia co dólar. Isto provocará que en Arxentina volva haber inflación: os prezos dos produtos terán como referencia o dólar, e subirán cada vez que o peso se volva depreciar e perda valor respecto á divisa estadounidense. Os salarios e os aforros da xente serán en pesos, e co mesmo diñeiro cada vez poderán mercar menos cousas.

Para entender un POUCO MÁIS

Arxentina ten unha poboación de 36 millóns de persoas.

Un total de 14 millóns de persoas viven actualmente baixo o nivel de pobreza (o 44% da poboación). A crise do último ano converteu en pobres tres millóns de arxentinos da clase media.

O desemprego alcanzou o 18,3% da poboación economicamente activa, a cifra máis alta na historia do país.

Desde 1992, o 45% dos adolescentes arxentinos abandonou a educación secundaria por falta de diñeiro para continua-los estudos.

A débeda pública ascende a 132 mil millóns de dólares.

A terceira parte do orzamento do país só chega para paga-los xuros da débeda.

A recesión económica xa dura 41 meses.

Cinco presidentes en dúas semanas e 28 mortos durante os disturbios.



"Calquera Goberno que aplica políticas que deixan a grandes sectores da poboación desempregados non está cumprindo coa súa misión."

(JOSEPH STIGLITZ, VICEPRESIDENTE DO BANCO MUNDIAL. EL PAÍS, 10 DE XANEIRO DE 2002).

A partir da crise do país, dise que Arxentina é un exemplo do fracaso das políticas do FMI que promoven a liberalización como motor do crecemento económico dos países pobres. Aínda que estas políticas conseguen parala inflación e promove-los fluxos de diñeiro estranxeiro, tamén impoñen a redución do gasto público en momentos de crise –o que frecuentemente quere dicir diminución nos gastos sociais, como educación, hospitais, estradas e edificios– e impiden o desenvolvemento a longo prazo.

"A xente xa non aguanta máis. Son todos ladróns, asasinós. Pero aínda falta, falta para un verdadeiro cambio."

(HEBE DE BONAFINI, DIRIXENTE DAS MADRES DE MAYO. EL PAÍS, 21 DE DECEMBRO DE 2001).

Aínda que é certo que algúns sectores locais se benefician das políticas do FMI, a miúdo só o fan as elites locais. Ademais, estas políticas tenden a aumenta-la desigualdade entre os ricos e os pobres dun mesmo país. Unha das críticas é que estas elites non sofren a crise do país porque a maioría ten o diñeiro en bancos e paraísos fiscais no estranxeiro.

"Aquí non podes ter proxectos. Alá tamén traballas 16 horas por día, pero tes futuro."

(ALFREDO) (EL PAÍS, 23 DE DECEMBRO DE 2001).

Moitos arxentinos son descendentes de españois ou de italianos que emigraron durante a primeira metade do século xx fuxindo da fame e da persecución nos seus países de orixe. Arxentina acolleunos e establecéronse alí. Agora, os seus fillos e mailos netos fan longas colas ante os consulados para tramitaren a nacionalidade e poder vir a España traballar e refacela súa vida, escapando da desesperación en Arxentina.

"¿Por que Papá Noel non trae os renos cando vén a Arxentina? ¡Porque os comemos!"

(EL PERIÓDICO, 22 DE DECEMBRO DE 2001).

En medio da desesperación, aínda quedan ganas nas rúas de Arxentina para facer bromas e buscar algunha alternativa. Cinco millóns de persoas participan nunha rede de troco para poder intercambiar produtos, servicios e obxectos persoais. Alégase un coche por unha semana a cambio dun empaste nunha moa, unha clase de inglés ou medio cordeiro para asar.

¿Que é o Fondo Monetario Internacional (FMI)?

O FMI é unha institución intergovernamental con base en Washington D. C. Creouse en 1945 para axudar a mante-la saúde da economía mundial e está formado por 183 países. É a institución central do sistema monetario internacional, o sistema dos pagamentos e mailas transaccións entre moedas de diferentes países que fan posibles os negocios entre os países.

Os países membros pagan unha cantidade de diñeiro coñecida como "cota de subscripción". Esta suma determina canto diñeiro lle poderá o país pedir prestado ó FMI en tempos de crise. As cotas tamén determinan o dereito de voto e de decisión de cada país membro; é dicir, o poder de decisión do FMI depende dos países que poden paga-la contribución maior. Así, os cinco países principais que manteñen o FMI son Estados Unidos, Xapón, Alemaña, Francia e Reino Unido.

O FMI préstalles diñeiro ós países membros que teñen problemas coa súa balanza de pagamentos –cando un país non ingresa a través das súas exportacións suficiente moeda estranxeira para importa-los produtos que necesita–. A cambio, os países debedores deben aceptar un programa de reformas económicas impostas polo FMI e dirixidas a diminuí-lo gasto público para supera-lo déficit. Tanto o Banco Mundial coma o FMI son os propietarios de billóns de dólares de débeda dos países do terceiro mundo.


O papel das empresas españolas



España é o segundo investidor estranxeiro en Arxentina, despois de Estados Unidos. Posúe o 37,4% do investimento nese país do cono sur. Cando nos anos 80 a inflación estaba a piques de afogar Arxentina, privatizáronse a maioría das empresas públicas nunhas condicións moi convenientes, para deste xeito atraer-lo investimento estranxeiro. Foi o momento das grandes empresas e bancos españois, que mercaron boa parte das empresas arxentinas a un prezo case regalado nun dos peores momentos económicos do país. Telefónica manexou as comunicacións arxentinas practicamente en monopolio. E os bancos españois son algúns dos principais acredores que lle

esixen o pagamento da débeda pública ó Goberno arxentino. Agora, co agravamento da crise, a depreciación do peso e a suspensión de pagamentos decretada polo Goberno arxentino, os directores e mailos xerentes das principais empresas e bancos quéixanse das terribles perdas que a crise suporá para os seus accionistas. Por exemplo, para o Banco Central Hispano calculábanse perdas de 1.596 millóns de euros, aproximadamente. Pero a pesar diso, o primeiro banco español logrou uns beneficios no ano 2001 de 2.486,3 millóns de euros. Un 10,1% máis respecto ó ano anterior.

Uns teñen moito, outros non teñen nada



En Arxentina, coma en moitos países pobres, hai unha gran diferenza na distribución dos ingresos e mais dos recursos. Unha consultora arxentina, Equis, fixo un estudio seguindo as recomendacións das Nacións Unidas e constatou que os que teñen máis ingresos en Arxentina teñen 30 veces máis cós que teñen menos. É o que se chama a "brecha social", que reflicte a desigualdade de oportunidades e recursos dentro dun mesmo país. En Arxentina, esta brecha é a peor dos últimos 26 anos, peor incluso ca na crise da inflación dos anos 80.

¿Cara a onde imos?



Para que un país pobre poida desenvolverse, debe (entre outras cousas) buscar solucións para se librar do peso da débeda externa. E é que a débeda non só esgota os recursos escasos de cada país, senón que ademais forza a busca continua de novos préstamos para poder pagar as débedas máis antigas. Hai movementos e campañas internacionais que piden a condonación –ou sexa, a anulación– da débeda externa dos países pobres, ou ben o seu troco –cambio– por investimentos en plans de desenvolvemento.

Tamén se estenderon por todo o mundo as críticas ó FMI e ó Banco Mundial, incluíndo os académicos e o que se deu en chamar o "movemento antiglobalización", opóñense á forma en que a globalización só favorece as grandes compañías internacionais, creando inestabilidade e sufrimento en moitas poboacións. Algunhas voces críticas piden o peche do BM e do FMI, mentres que outros sectores esixen unha reforma radical destas institucións para as facer máis democráticas e accesibles ós principais afectados pola súas políticas.

Agora que estamos todos en plena guerra contra o terrorismo internacional, esta dúbida non está de máis: ¿que facemos co terrorismo do mercado, que está castigando a inmensa maioría da humanidade? ¿Ou non son terroristas os métodos dos altos organismos internacionais que dirixen as finanzas, o comercio e todo o demais? ¿Acaso non practican a extorsión e o crime, aínda que maten por asfixia e fame e non por bombas? (EDUARDO GALEANO)

Guía didáctica

Guía didáctica

A proposta que achegamos diríxese ó alumnado de educación secundaria. As actividades poden ser de utilidade para a área de sociais e de ética, para as titorías, etc., así como para calquera docente interesado no tema. O obxectivo desta proposta é identificar e entende-la gran variedade de factores e actores que interveñen nunha crise socioeconómica coma a que está vivindo Arxentina. A guía de contidos Global Express permitiralle ó profesor explica-los temas que se analizan na proposta didáctica.

AUTOR: GASPAR TARRIDA

Actividade nº 1:

Análise de imaxes

Obxectivos: presenta-la situación de gran parte da poboación arxentina; poñer en xogo a empatía dos alumnos e das alumnas cara a esta situación; traballa-los preconceptos existentes sobre Arxentina.

Orientacións: (1) a través da fotografía os alumnos deben atopar tres palabras para definila (desesperación, fame, axuda, urxencia...); (2) despois deben concretar qué pide a xente na fotografía; (3) e finalmente elixir cinco palabras (poden aceptarse nomes propios) que definan a súa idea previa de Arxentina (fútbol, emigración española, psicanálise, gandería...). Habería que facer fincapé en se cren que é un país rico ou pobre en recursos naturais, con persoas preparadas profesionalmente, etc.

Actividade nº 2:

¿Por que hai crise en Arxentina?

Obxectivos: presenta-las tres causas principais do estoupido da crise.

Orientacións: (4) o papel da débeda externa nas relacións norte-sur e o seu impacto sobre a poboación dos países do sur é un tema moi complexo que se pode ampliar con máis información específica. Con esta pregunta búscase que o alumnado pense o que representa estar endebedado, as cousas que se deixan sen facer por ter que destinar tanto diñeiro do orzamento para pagar unha débeda; (5) as preguntas sobre as consecuencias e os beneficiarios das políticas do FMI poden acompañarse doutras como: ¿quen é o principal usuario dos servicios básicos de saúde e educación?, ¿coñecedes algunha grande empresa española que teña intereses económicos en Arxentina?, ¿que beneficios obtén?; (6) a viñeta de Fontanarrosa é moi explícita, pero poderían aclararse as razóns que levaron

a declara-lo "corralito" (evita-la fuga de diñeiro ó estranxeiro e a creba dos bancos por falta de fondos para afrontar unha retirada masiva).

Actividade nº 3:

Protestar con cacharros

Obxectivos: analiza-lo estoupido social a través de fotografías e titulares periodísticos.

Orientacións: (7) a lectura do fragmento inicial e a fotografía deben situa-lo alumnado no momento do estoupido social (a noite do 19 ó 20 de decembro de 2001), os titulares seguintes queren amosar cómo a situación se agrava progresivamente durante o mes seguinte, e finalmente o último fragmento quere subliñar que a crise non parece ter solución a curto prazo: os alumnos deben indagar e comenta-las principais reivindicacións da xente; (8) este último exercicio pretende facer reflexiona-los alumnos sobre a relación entre as causas e as consecuencias desta crise.

Actividade nº 4

E nós, ¿que podemos facer?

Obxectivos: fomenta-lo debate sobre catro posibles solucións á crise.

Orientacións: dividir por grupos na clase e que cada grupo debata previamente unha afirmación e despois poñer en común as conclusións; o alumnado debe ver que a primeira afirmación (Arxentina non pagará máis a débeda externa) se contradí coa terceira (As políticas económicas liberais do FMI permitirán saír da crise); as catro afirmacións que se propoñen son posibles aínda que tal vez pouco probables.

Para saber máis... Para saber máis...

Cinema:

Nueve Reinas

Director: Fabián Belinsky
Bos Aires, 2001
Duración: 115 min.
Comedia



Libros:

Pobres, pobreza y exclusión social

Centro de Estudios e Investigaciones Laborales
2000
262 páx

El bumerang de la deuda

Susan George
Editorial Intermón
1993
350 páx

Páxinas web: Páxinas web:

Sobre Arxentina (en español)

www.elclarin.com
www.lanacion.com
www.mafaldaresiste.com.ar
www.argentina.indymedia.org
www.rebelion.org/argentina
www.derechos.org/nizkor

Otras páxinas interesantes (en español)

www.imf.org
www.worldbank.org
www.debtwatch.org/
www.attacmadrid.org
www.intermonoxfam.org
www.oneworld.net

Otras páxinas interesantes (en inglés)

www.brettonwoodsproject.org
www.jubilee2000.org
www.panos.org.uk

**¡Visita a nosa web e descarga
o Global Express!**

www.IntermonOxfam.org/educar/global

Global Express pretende xerar preguntas entre os alumnos e as alumnas das nosas escolas sobre o que contan os medios de comunicación. Trátase de promover unha visión crítica da realidade que lles permita comprender o estado do mundo e, en especial, da situación do mundo en desenvolvemento.

Global Express é unha iniciativa de: Development Education Project (Reino Unido), Panos Institute (Reino Unido), Centrum voor Mondiaal Onderwijs (Holanda), Centro Educazione Mondialità (Italia) e Intermón Oxfam (España).

Global Express está financiado pola Unión Europea.